

ACTA DE REALIZACIÓN DO SEGUNDO EJERCICIO

En Coirós, a 30 de marzo de 2023.

Reunidos no Concello de Coirós (A Coruña), ás 09,00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas selectivas dos aspirantes a prover a praza de arquitecto/a, a media xornada vacante no cadro de persoal municipal deste Concello, son:

- D. Antonio Gómez-Iglesias Casal, Presidente do Tribunal.
- D^a. Ana M^a Ocampo Pérez-Gorostiaga, Secretario e Vogal do Tribunal.
- D. Francisco Manuel Moreda Gil, Vogal do Tribunal.
- D. Daniel Pereiro Cachaza, Vogal do Tribunal.
- D^a. Carmen del Río Rodríguez, Vogal do Tribunal.

Constituído o Tribunal cualificador, no día de hoxe e de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria da citada praza acórdase proceder á realización do **segundo exercicio** correspondente á fase de oposición.

O exercicio consistirá en resolver, nun tempo máximo de 60 minutos, un suposto práctico determinado polo tribunal relacionado cun suposto/ situación de índole teórico-práctica referido aos contidos das materias do temario anexo (temario xeral e específico).

O enunciado dos supostos será elaborado polo Tribunal antes do comezo do exercicio.

Neste exercicio, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos obxecto do suposto. Estimarase especialmente a sistemática na proposta realizada polas persoas aspirantes, a formulación de conclusións, coñecemento e axeitada aplicación da normativa vixente e

pragmatismo na resolución dos supostos, a claridade e orde das ideas, e a precisión, corrección e claridade da linguaxe utilizada.

Para a súa realización non se poderán utilizar medios dixitais nin telemáticos (salvo calculadora científica estándar).

Este exercicio será cualificado cun máximo de 30 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 15 puntos. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminadas.

O Tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para acadar a devandita puntuación mínima de conformidade cos criterios anteriormente descritos.

Comparece para a realización do segundo exame a seguinte aspirante:

DNI	NOME
1495*	PÉREZ MIRANDA, IRIA

Unha vez realizada a proba, ás dez horas e dez minutos, e feitas as correccións necesarias, a puntuación da aspirante é a seguinte:

DNI	NOME	PUNTUACION 2º EXERCICIO
1495*	PÉREZ MIRANDA, IRIA	26,5

Polo tanto supera este exercicio e continúa á fase de concurso:

DNI	NOME	PUNTUACION 2º EXERCICIO
1495*	PÉREZ MIRANDA, IRIA	26,5

O Tribunal, xa que non é precisa a realización do terceiro exercicio, por ter acreditado a aspirante a titulación suficiente en idioma galego, por unanimidade dos seus membros acorda continuar coa fase de concurso e proceden a valoración dos méritos, pesentados e xustificados pola aspirante.

Puntuación **1495** PÉREZ MIRANDA, IRIA				
1. Experiencia profesional	2. Formación complementaria	3. Elaboración planeamento	4. Impartición ponencias	TOTAL
14	12	12	2	40

Así pois sumada a puntuación de fase de oposición e a de concurso, a aspirante dona Iria Pérez Miranda, con DNI **1495**, é a seguinte:

Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Concurso méritos	Puntuación TOTAL
21	26,5	40	87,5


Polo tanto o tribunal, por unanimidade, propón ao Sr. Alcalde Presidente o nomeamento de dona Iria Pérez Miranda arquitecta a media xornada do Concello de Coirós.

O Presidente da por terminada a función que lle foi encomendada a este Tribunal e por rematada a reunión ás dez horas e corenta e cinco minutos, do que eu, Secretaria, dou fe.

PRESIDENTE



VOGAIS



SECRETARIA

